

Ourense, 23 de xuño de 2022.

Estimado/a afiliado/a:

O vindeiro **sábado 16 de xullo no Auditorio de Os Gozos (O Pereiro de Aguiar)**, a partires das **18:00 horas**, celebrarase o **Congreso Local Extraordinario do Partido Popular do Pereiro de Aguiar**, no que se elixirá ao presidente a ao Comité Executivo Local e que terán a responsabilidade de dirixir e representar ao noso partido neste noso concello.

Poderá ser candidato/a á presidencia local do PP do Pereiro de Aguiar, todo/a afiliado/a que se atope ao corrente de pagamento das cotas, que non se atope suspendido/a de militancia e que teña unha antigüidade mínima como afiliado/a de 12 meses.

Aqueles/as afiliados/as que desexen actualizar as súas cotas poden facelo desde o día 27 de xuño ata o 11 de xullo de 2022 ata ás 14:00 horas. Os/As interesados/as deben poñerse en contacto coa sede provincial onde se lle indicarán os pasos a seguir.

Para presentar as **precandidaturas** ao Congreso na sede provincial, **o prazo finalizará o luns 4 de xullo ás 20:00 horas**, presentando os **10 avais** necesarios para poder optar á presidencia local.

Para poder participar, poder avalar e poder votar no Congreso Local, todos/as aqueles/as afiliados/as que cumpran o sinalado no artigo 5.4 do Regulamento do Congreso, enchendo a ficha de participación que terán á súa disposición na sede provincial, así como na páxina web (onde atoparás a ficha de participación ou un formulario web) do Partido popular de Ourense www.ppou.es, rematando o prazo de inscrición o día 11 de xullo de 2022 ás 14:00 horas.

Para calquera cuestión, aclaración ou dúbida, ponte en contacto coa sede provincial do Partido Popular de Ourense, no teléfono: 988 210 790 ou no correo electrónico ourense@pp.es.

Esperamos contar coa túa presenza no Congreso que, co esforzo de todos/as, será decisivo para o futuro do noso partido e da nosa vila.

Jorge Pumar Tesouro.

Presidente da Comisión Organizadora do Congreso Local Extraordinario.-

Partido Popular do Pereiro de Aguiar.